

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE QUIÁN
O 13 DE FEBREIRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se regula a ampliación dos prazos de presentación de solicitudes, recursos administrativos, escritos, comunicacións e documentos no caso de determinadas incidencias técnicas que imposibiliten o funcionamento ordinario da sede electrónica da Xunta de Galicia.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual na Resolución da Secretaría Xeral da Emigración pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de cento cincuenta (150) "bolsas excelencia mocidade exterior" (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2020/21 nunha universidade galega, por un importe total de un millón douscentos noventa mil euros (1.290.000,00 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se declara área de rexeneración urbana de interese autonómico (área Rexurbe) ao conxunto histórico de Mondoñedo e unha zona contigua de características similares (rúa Álvaro Cunqueiro e San Roque e parte alta da "Estrada dos Remedios").
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e os concellos de Vilagarcía de Arousa, Caldas de Reis e Portas, para a execución da "2ª fase construtiva do acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Pontevedra-Carril-Santiago de Compostela, tramo: Vilagarcía de Arousa - Caldas de Reis - Portas, para uso como vía verde", por un importe total de cento noventa e nove mil novecentos sesenta e seis euros con dezanove céntimos (199.966,19€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA



- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gastos de carácter plurianual, para superar a porcentaxe de pagamento anticipado establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o establecemento de pagamentos á conta e anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 62.2 do devandito Decreto 11/2009, da convocatoria do programa do Igape de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial, por un importe total de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do inventario forestal continuo de Galicia, por un importe total de seiscentos corenta e un mil seiscentos trinta e sete euros con noventa e dous céntimos (641.637,92€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o Plan galego de formación na industria naval para o ano 2020-2022.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre proxectos de mobilización: aldeas modelo e pilotos de polígonos.
- Informe sobre o Plan de pastos.
- Informe sobre o Plan de modernización das oficinas agrarias comarcais e a Oficina Agraria Comarcal Móbil.
- Informe sobre a situación de prezos de produtos agrícolas e gandeiros e informe sobre a fiscalidade no rural.
- Informe sobre Galicia Calidade Agroalimentaria.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o acordo de contratación das “Obras de reparación da cuberta da lonxa de Camariñas” (A Coruña), pola entidade pública Portos de Galicia, por un importe estimado de noventa e tres mil novecentos cincuenta e tres euros con setenta e un céntimos (93.953,71€), IVE excluído.

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE AMPLÍA AUTOMATICAMENTE OS PRAZOS DOS TRÁMITES EN LIÑA EN CASO DE INCIDENCIA NA SEDE ELECTRÓNICA

- ***Os usuarios disporán de 24 horas hábiles máis se o servizo se interrompe no último día do prazo de presentación***
- ***Búscase ofrecer as máximas garantías e facilidades a cidadáns e empresas nas súas xestións en liña coa Administración***
- ***Máis do 52% dos galegos empregan a rede nos seus trámites coa Xunta***

O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o Proxecto de decreto polo que se regula a ampliación dos prazos de presentación de solicitudes, escritos, comunicacións e documentos na sede electrónica da Xunta de Galicia no caso de determinadas incidencias técnicas que imposibiliten o seu funcionamento ordinario. A aprobación deste decreto enmárcase na Lei de administración dixital de Galicia (Ledixga), aprobada o pasado mes de xullo, e que busca universalizar o acceso dos galegos ao servizo dixital.

O Decreto, que entrará en vigor tras a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, establece unha ampliación automática de 24 horas hábiles sobre o prazo previsto, en caso de que unha incidencia técnica non programada, impida o funcionamento normal da sede electrónica da Xunta no último día do prazo de presentación.

Este decreto incrementa as garantías e facilidades para cidadáns e empresas no contexto actual de transformación dixital, no que a xestión en liña se está a consolidar entre os galegos como a opción maioritaria para relacionarse coa Administración. Entre xaneiro e setembro de 2019 máis do 52% das xestións rexistradas pola Administración autonómica presentáronse en liña, ben a través da sede electrónica da Xunta, das oficinas virtuais, ou a través o rexistro electrónico.

A sede electrónica permite presentar en liña máis 1.600 trámites, e esta foi a canle elixida preto de 500.000 galegos, que entre xaneiro e setembro empregaron a sede para realizar as súas xestións coa Administración autonómica.

Unha administración máis dixital

O Plan de goberno e administración dixital de Galicia 2020, elaborado pola Amtega, conta cun sistema indicadores para avaliar a evolución de uso e implantación dos diferentes servizos dixitais tanto información de uso por parte de cidadáns e empresas como a nivel interno.

Ademais de constatar o incremento da xestión en liña dos cidadáns o sistema indica o aumento no uso de servizos dixitais internos por parte dos empregados públicos. É o caso da Plataforma de interoperabilidade Pasaxe!, que evitou aos galegos a presentación de máis de 6 millóns de documentos, que xa constan en poder da Administración. Os empregados públicos poden consultar en Pasaxe ata 72 tipos de documentos, como o DNI, certificados de familia numerosa ou discapacidade, títulos universitarios etc.

As notificacións electrónicas, que o usuario pode recibir no móbil en lugar de en papel a través da caixa de correo, incrementáronse máis dun 62%, pasando de máis de 137.000 en setembro de 2018 a máis de 360.000 no mes de 2019.

Aínda que se segue asinando en papel o uso da sinatura dixital continúa a estenderse e nos primeiros nove meses do ano asináronse dixitalmente máis de 2,7 millóns documentos.

Novos decretos da Ledixga

O Decreto que regula a ampliación de prazos enmárcase na Ledixga. Estase a traballar na elaboración do decreto que regulará o Marco galego de competencias dixitais e que permitirá á cidadanía e aos empregados públicos acreditar os coñecementos e habilidades dixitais, tomando como referencia o marco europeo.

Ademais, estase a elaborar o decreto que regulará o rexistro de apoderamentos, e que permitirá habilitar unha persoa ou un funcionario público para realizar trámites dixitais en nome doutra persoa.

A XUNTA DESTINA PRETO DE 1,3 MILLÓNS Á ATRACCIÓN DOS MELLORES EXPEDIENTES UNIVERSITARIOS DO EXTERIOR NA CUARTA CONVOCATORIA DAS BOLSAS EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR

- ***O goberno galego pretende atraer os currículos máis valiosos de titulados universitarios galegos residentes no exterior, incentivando así que fixen a súa residencia e a súa actividade laboral aquí***
- ***As bolsas sufragan viaxe, matrícula, aloxamento e manutención cunhas contías que oscilan entre os 7.000 e os 11.574 euros***
- ***Entre 2017 e 2020 ofrécense un total de 800 bolsas para fomentar o regreso de mozos galegos que viven fóra das nosas fronteiras para cursar un máster ou un ciclo superior de FP***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá unha nova convocatoria, por parte da Secretaría Xeral da Emigración, das 'bolsas excelencia mocidade exterior (BEME)', cuxa cuarta edición mantén o incremento do 50 % materializado no 2019, tanto no número de prazas dispoñibles como na dotación económica asignada. Deste xeito, o Goberno galego destina case 1,3 millóns de euros impulsando a captación dun total de 150 titulados universitarios galegos e de currículo brillante, residentes no estranxeiro e cunha titulación de grao, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, que poderán cursar estudos de mestrado nalgunha das tres universidades galegas.

A Xunta impulsa así o retorno de currículos brillantes ao tempo que contribúe á fixación de poboación na Galicia territorial. Non en van, o obxectivo das BEME é non so atraer cada ano galegos que viven fóra e que completen aquí a súa formación especializada senón que traballen en Galicia e que fixen tamén no territorio galego definitivamente a súa residencia.

Neste sentido, todos os beneficiarios destas axudas contarán, un ano máis, cunha orientación laboral coa que se pretende non só captar para Galicia o talento máis brillante de entre os mozas residentes fóra fomentando o retorno da poboación activa laboral, senón tamén facilitarlles o seu establecemento definitivo na comunidade. A oferta céntrase en estudos con capacidade de absorción no tecido produtivo e laboral galego.

Requisitos para ser beneficiario e contía da bolsa

Os beneficiarios da iniciativa deben ser galegos por nacemento ou descendentes por consanguinidade, acreditar un mínimo de dous anos de residencia no Exterior e estar admitido na preinscrición dalgún dos mestrados das universidades galegas.

A bolsa, cuxo importe é de 7.000 ou 7.650 euros (segundo a persoa beneficiaria proceda de Europa ou do resto do mundo) por curso completo de 60 créditos ECTS, destínase a cubrir os gastos de matrícula, viaxe, aloxamento e manutención na Galicia territorial. Aqueles que se matriculen nun curso de maior duración (90 créditos) disporán dun orzamento total de ata 11.475 euros (en función do continente de procedencia do alumno).

Á convocatoria do ano pasado presentáronse un total de 423 solicitudes procedentes de preto de 30 países distintos, das que unha terceira parte (134) proviñan de Arxentina; outras 85 procederon de Venezuela, 59 do Brasil, 34 do Uruguai, 27 do Reino Unido e 21 de México. Tamén chegaron expedientes académicos desde outros países do mundo como Cuba (9), Chile (8), Panamá (6), Portugal (6), Alemaña (5), Bolivia (3), Costa Rica (2), Irlanda (2), Suíza (2), Australia, Austria, Colombia, Dinamarca, Ecuador, O Salvador ou Estados Unidos de América.

Así mesmo, cómpre salientar que a idade media dos solicitantes desa terceira convocatoria foi de 29 anos, e que dos 150 beneficiarios, 25 son da Galicia territorial (emigrantes nados ou que residisen máis de 10 anos en Galicia antes de emigrar). Os galegos de segunda e terceira e seguintes xeracións acaparan o 83 % das BEME desta convocatoria cun total de 125 bolseiros (47 fillos de emigrantes galegos, 72 netos e 6 bisnetos).

800 oportunidades de retorno

O obxectivo do Goberno galego é que a publicación desta orde se realice coa maior brevidade posible no Diario Oficial de Galicia (DOG) para que o prazo de solicitudes, que se pechará o 30 de abril, poida abrirse canto antes. Os alumnos terán ata o 8 de agosto para presentar a matrícula nos mestrados elixidos, e os primeiros estudantes arrancarán o curso no mes de setembro.

Con esta nova convocatoria e a que publicará en breve a Consellería de Educación para estudos de ciclo superior de formación profesional (FP), o Goberno galego terá ofrecido, entre 2017 e 2020, a posibilidade de retornar a un total de 800 mozos galegos do exterior, tanto no ámbito universitario como no de FP.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA EN MONDOÑEDO A PRIMEIRA Á ÁREA REXURBE DE GALICIA, AO ABEIRO DA LEI DE REHABILITACIÓN

- ***A área comprende todo o conxunto histórico de Mondoñedo e dúas pequenas zonas contiguas, case cinco quilómetros cadrados***
- ***A área Rexurbe permitirá realizar actuacións públicas e privadas de rehabilitación, mellora urbana, revitalización social e demográfica e desenvolvemento económico***
- ***Medio Ambiente recorda que o Goberno galego dispón dun modelo de plan de dinamización, para que o Concello prosiga cos trámites que implica esta declaración***

O Consello da Xunta aproba o acordo polo que se declara a primeira Área Rexurbe de Galicia, ao abeiro da Lei de rehabilitación: a Área Rexurbe de Mondoñedo.

Cómpre recordar que a Área Rexurbe é unha nova figura creada pola Lei de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galicia, aprobada o ano pasado, que vai máis alá das tradicionais áreas de rehabilitación integral; xa que, ademais da rehabilitación edificatoria, inclúe medidas de dinamización social, demográfica e económica.

Así, Mondoñedo converteuse no primeiro concello de Galicia en solicitar á Xunta de Galicia a declaración dunha área Rexurbe e convértese no primeiro en contar con ela.

A Área Rexurbe de Mondoñedo incluírá todo o conxunto histórico e unha zona contigua na zona dos Remedios e na rúa Álvaro Cunqueiro. A superficie total da área é de 4,45 quilómetros cadrados; existen a memoria presentada polo Concello- 704 edificios cun total de 915 vivendas. Dese total existen 179 edificios que se atopan en estado deficiente, malo ou ruinoso.

Dentro da área Rexurbe, o Concello propón unha zona de actuación prioritaria que comprende un total de 11 rúas: da Ponte, Bispo Sarmiento, Álvaro Cunqueiro, San Roque, Pacheco, dos Castros, Progreso, Pardo de Cela, San Lucas, Leiras Pulpeiro e a praciña de San Xoán.

A través dela realizaranse no concello lucense actuacións públicas e privadas dirixidas á mellora dos inmobles existentes e dos espazos públicos xunto con medidas sociais, ambientais e económicas dirixidas á mellora das condicións de vida, á creación de riqueza e postos de traballo e á dinamización demográfica.

Así, estas actuacións tamén se entenden como medidas para a contención do despoboamento e a atracción de novos habitantes, o desenvolvemento económico e o fomento e a concienciación sobre a importancia da rehabilitación e promoción da colaboración público-privada.

Seguintes pasos

Unha vez acadada a declaración da área Rexurbe de Mondoñedo, o Concello deberá redactar un plan de dinamización da mesma, ca que se indiquen as medidas que se van adoptar e actuacións que se deben levar a cabo, o seu custo estimado e as fontes de financiamento, público e privado, para levalas a cabo. No caso da Xunta de Galicia, o financiamento procederá de diversos departamentos, xa que as actuacións nunha área Rexurbe son transversais e afectan competencias de diversos departamentos.

Para a redacción do plan de dinamización, a Administración local conta cun modelo elaborado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, segundo o establecido na Lei de rehabilitación, e que se elaborou grazas á colaboración entre o IGVS e a Universidade de Santiago de Compostela e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

O plan de dinamización que redacte o Concello de Mondoñedo será sometido a consultas cos organismos incluídos nel, antes de sometelo á aprobación do Consello da Xunta de Galicia, aprobación que facilitará o inicio de actuacións na área Rexurbe mindoniense.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO ENTRE MEDIO AMBIENTE E OS CONCELLOS DE VILAGARCÍA, CALDAS DE REIS E PORTAS PARA EXECUTAR A SEGUNDA FASE DO PROXECTO DA VÍA VERDE DO SALNÉS

- ***O importe da actuación ascende a 199.966,19 euros, que financiará integramente o Goberno galego e permitirá completar o acondicionamento dun tramo do trazado ferroviario entre Pontevedra e Santiago que quedara en desuso***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e os concellos pontevedreses de Vilagarcía de Arousa, Caldas de Reis e Portas para a execución da segunda fase construtiva do acondicionamento dun tramo do antigo trazado de ferrocarril Pontevedra-Carril-Santiago de Compostela para o seu uso como vía verde. O importe total da actuación segundo consta no convenio ascende a 199.966,19 euros, que financiará a Consellería ao 100 % e se executará na anualidade 2020.

Este proxecto ten por obxecto intervir sobre un tramo do trazo do ferrocarril entre Vilagarcía de Arousa e a Estación de Portas, que quedara en desuso coa posta en funcionamento do Eixo Atlántico de Alta Velocidade entre ambas as localidades. Concretamente, o treito en cuestión ten unha lonxitude total de 9.195 metros que discorren a través dos termos municipais de Vilagarcía, Caldas de Reis e Portas.

Cómpre lembrar que o 28 de decembro do ano 2018, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Portas, Caldas de Reis e Vilagarcía de Arousa asinaron un convenio de colaboración para levar a cabo a primeira fase construtiva deste proxecto de acondicionamento, denominado Vía Verde do Salnés.

Grazas ao acordo autorizado hoxe polo Goberno galego, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e os concellos de Portas, Caldas de Reis e Vilagarcía de Arousa asinarán un convenio para realizar esta segunda fase e levar a termo a parte do proxecto que quedara excluída da actuación que están a desenvolver os concellos coa Deputación. Continuarase así co acondicionamento da Vía Verde do Salnés como unha senda máis que se integrará no Programa de camiños naturais do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA).

As actuacións que se realizarán nesta segunda fase consistirán na sinalización imprescindible e necesaria para a identificación do percorrido e na sinalización prohibitiva e normativa; o acondicionamento de pontes e outras estruturas, así como a dotación de equipamentos complementarios con bancos, mesas e elementos aparcabicicletas.

Así, esta segunda fase do proxecto, cuxo custo asume integramente a Xunta, permitirá completar as melloras previstas neste itinerario, que se converterá na primeira vía verde ferroviaria de Galicia e coa que se pretende dar un novo uso á liña de ferrocarril que une

Vilagarcía de Arousa e Portas e poñelo en valor como itinerario ambiental, paisaxístico, turístico e patrimonial para o seu emprego tanto por parte de peóns como de ciclistas.

Programa vías verdes

A recuperación deste antigo trazado ferroviario enmárcase no chamado Programa vías verdes, coordinado pola Fundación de los Ferrocarriles Españoles (FFE) que, ademais, desempeña as funcións de información e promoción del. A obra proxectada supón unha intervención para a mellora da protección e conservación do patrimonio natural e cumpre cos criterios básicos de selección de operacións aprobados, sendo coherentes coa planificación establecida pola Administración para a protección e xestión da biodiversidade.

O convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo de que se poida acordar a súa prórroga antes da finalización desa data.

UN TOTAL DE 50 MOZOS E MOZAS PODERÁN ESPECIALIZARSE EN COMERCIO EXTERIOR E CONTRIBUÍR Á INTERNACIONALIZACIÓN DAS PEMES GALEGAS

- ***A Xunta destina 2,5 M€ á convocatoria do programa de bolseiros do Igape, dirixido a titulados universitarios ou en FP que poderán formarse en diferentes destinos mundiais e mellorar a súa empregabilidade, ao tempo que se potencia a competitividade do tecido produtivo***
- ***Esta iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria beneficiou desde a súa posta en marcha a 329 profesionais, que colaboraron na promoción exterior das empresas galegas desde mercados como Filipinas, Canadá, Estados Unidos, China, Australia, Corea do Sur ou Emiratos Árabes***

A Consellería de Economía, Emprego e Industria reforza o programa de bolseiros do Igape, que permite aos participantes a adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial. En concreto, incrementa a súa dotación orzamentaria nun 43% na nova convocatoria que vén de aprobar o Consello da Xunta, e que achegará 2,5 millóns de euros para fortalecer a especialización e a contratación de 50 novos titulados, dez máis que na edición anterior desta liña de apoios.

A convocatoria, que se publicará proximamente, vai dirixida a persoas nadas a partir de 1990, con titulación universitaria ou profesional no eido empresarial, e achegará formación práctica conxunta en Galicia durante 12 meses e especialización sobre o terreo en destinos mundiais, onde colaborarán, a través do Igape, en proxectos de internacionalización de empresas galegas durante outros 12 meses.

Outra das novidades que inclúe o programa nesta edición é a ampliación dos países en que os seleccionados completarán a súa formación no estranxeiro e que inclúen mercados internacionais de interese estratéxico para o tecido empresarial galego como China, Dubai, Canadá, Brasil, Marrocos ou Reino Unido.

A iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria contribúe así á capacitación profesional de novos titulados na internacionalización de empresas, á mellora da súa empregabilidade para facilitar o seu acceso ao mercado laboral e ao desenvolvemento de proxectos de internacionalización das pemes galegas nos cales colaborarán os bolseiros achegando os seus coñecementos ao tempo que reforzan a súa formación práctica.

A programación das bolsas abrangue o estudo dos sectores máis importantes dos mercados estranxeiros, a análise das oportunidades e debilidades dos sectores estratéxicos galegos en relación coa súa internacionalización e o estudo das formas de introdución das empresas nos mercados internacionais, contando para a aprendizaxe co apoio de titores tanto nas estadías no estranxeiro como en Galicia.

Este programa facilitou desde a súa posta en marcha a capacitación de 329 novos titulados galegos, que se especializaron en comercio exterior mentres colaboraron coa internacionalización das empresas de Galicia desde mercados tan dispares como Xapón,

Filipinas, Canadá, Tailandia, Estados Unidos, China, Australia, Brasil, Corea do Sur ou Emiratos Árabes, entre outros.

A iniciativa inclúese nos diferentes instrumentos impulsados pola Xunta para contribuír ao incremento da competitividade exterior das empresas galegas, que lograron exportar de xaneiro a novembro do ano pasado produtos por un total de 20.369 millóns de euros. De continuar esta tendencia, en 2019 as vendas no exterior superarán por terceiro ano consecutivo os 21.000 millóns de euros, cifra que se acadou por vez primeira en 2017.

Do mesmo xeito, este programa súmase a outras iniciativas que ten en marcha a Consellería de Economía, Emprego e Industria para facilitar a incorporación e retención de talento no mercado laboral galego, como o programa Profesionais 4.0 e as iniciativas Principia e talento sénior. Estas dúas últimas teñen convocatorias activas por dous millóns de euros para impulsar a contratación de 120 profesionais de I+D+i en empresas e organismos de investigación. Entre estas tres iniciativas, máis o programa de bolseiros do Igape, desde o ano 2016 impulsouse a formación e a contratación de máis de 700 profesionais cualificados, cun investimento público que supera os 12,5 millóns de euros.

A XUNTA CREARÁ UN INVENTARIO FORESTAL CONTINUO EN COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO E VIGO PARA CONTRIBUÍR Á MELLORA DAS POLÍTICAS NO MONTE

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio que asinarán as tres institucións para facer seguimento do estado das masas arboradas e apoiar a toma de decisións en materia forestal***
- ***O orzamento total para o desenvolvemento deste convenio ascende a algo máis de 640.000 euros, dos cales case 574.000 euros serán achegados pola consellería e outros 68.000 euros polas universidades***
- ***Este inventario permitirá poñer en marcha o Plan de recuperación dos soutos tradicionais de Galicia, ao diferenciar e coñecer con exactitude a superficie dos soutos e das novas plantacións***
- ***Coa posta en marcha deste inventario, darase cumprimento a unha das recomendacións do ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Inventario forestal continuo de Galicia. O seu obxectivo é establecer unha folla de ruta conxunta que permita, por unha banda, facer seguimento da cantidade e do estado das masas arboradas, e por outra, crear unha estratexia de apoio ás decisións en materia de política forestal mediante un sistema de monitoraxe forestal continuado.

O orzamento total para o desenvolvemento deste convenio ascende a algo máis de 640.000 euros, dos cales case 574.000 euros serán achegados pola consellería e outros 68.000 euros polas universidades.

Así, a Xunta levará a cabo este convenio debido a que a información continua e precisa sobre o estado dos recursos dos montes é imprescindible para abordar as políticas forestais, non só para responder a problemas específicos senón tamén para valorar todos os aspectos de cada medida coa finalidade de mellorar a súa planificación estratéxica e económica.

O convenio terá unha duración de tres anos e rematará coa posta en marcha do Inventario forestal continuo de Galicia, grazas ao financiamento da Consellería do Medio Rural e a que as universidades de Santiago de Compostela e Vigo dispoñen das únicas unidades técnico-científicas da comunidade especializadas en materia de inventariación forestal mediante o uso de sensores remotos. Por tanto, a finalidade deste convenio é a de contribuír ao desenvolvemento forestal de Galicia, que só se pode entender coa participación compartida de todas as partes onde, a través dun proceso sinérxico, cada unha delas consiga os obxectivos individuais e colectivos que dunha forma illada non poderían acadar.

A posta en marcha deste convenio é unha peza clave tendo en conta cuestións como a existencia dunha gran cantidade de superficies forestais de pequeno tamaño máis complexas de inventariar, que algunhas especies non están ben estudadas e que outras crecen a un ritmo máis rápido. Ademais, permitirá poñer en marcha o Plan de recuperación dos soutos tradicionais de Galicia, ao permitir diferenciar e coñecer con exactitude a superficie exacta dos soutos e das novas plantacións. Neste senso, a Xunta beneficiarase da continua investigación á hora de elaborar as súas novas políticas sobre o monte, mentres as universidades contarán con datos únicos conxuntos a nivel nacional para empregar en análises científicas.

Ademais, este convenio dará cumprimento a unha das recomendacións do ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, que sinalaban que era necesario crear un Sistema de información e estatística forestal de Galicia, como mecanismo que permitise facer diagnoses adecuadas e ser unha ferramenta esencial para a toma de decisións de políticas públicas ou empresariais relacionadas co sector forestal.

Sector forestal

A posta en marcha deste inventario é de gran relevancia e está entre as prioridades de execución da Xunta dada a importancia do sector forestal na nosa comunidade. Así, cabe lembrar que a taxa de aproveitamentos madeiros en Galicia situouse, no 2018, en preto de 10 millóns de metros cúbicos, o que supón máis do 60 % do conxunto estatal. Estímase que máis de 80.000 familias viven do sector na comunidade, percibindo unha contía total polos aproveitamentos que se sitúa entre os 250 e os 300 millóns de euros anuais. O recurso da madeira ten un impacto fundamental na cadea monte industria galega, xerando un volume de facturación próximo aos 2700 millóns de euros cada ano.

GALICIA FORMARÁ MÁIS DE 5000 PERSOAS NA INDUSTRIA NAVAL E PREPARA UN PROGRAMA DE REINSERCIÓN LABORAL PARA TRABALLADORES QUE PERDERON O SEU EMPREGO

- ***A Xunta presenta o Plan de formación no naval 2020-2022 que, cun investimento de 18 M€, mellorará a cualificación de 5220 alumnos a través de 435 cursos***
- ***Traballa tamén na posta en marcha da iniciativa Empreganav II para apoiar aos profesionais que perdesen o seu emprego no naval e na industria auxiliar nos últimos meses***
- ***No anterior plan, durante o período 2017-2019, a Consellería de Economía, Emprego e Industria investiu 17,36 M€, o que permitiu a celebración de 416 cursos e a cualificación de 5083 persoas, entre ocupadas e desempregadas***
- ***As afiliacións nesta industria medraron un 13% nos últimos 5 anos, chegando a preto de 40.000, a cifra máis alta desde 2010***

A Xunta de Galicia segue apostando polo naval galego e, especialmente, poñendo o acento nos seus traballadores, mellorando a súa cualificación en consonancia coas necesidades do sector e ofrecendo novas oportunidades laborais.

Así, a Xunta reserva 18 M€ para o período 2020-2022 co obxectivo de poñer en marcha unha nova edición do seu Plan de formación no naval. En paralelo, e para reforzar este compromiso, estase avanzando no deseño do programa Empreganav II que se presentará aos fondos da Unión Europea (Fondo Europeo de Adaptación á Globalización -FEAG-) para financiar medidas que favorezan a reinserción laboral dos traballadores que perderon os seus empregos tras despedimentos producidos en empresas do naval e auxiliares nos últimos meses.

Por unha parte, activarase o Plan de formación no naval para realizar ao redor de 435 cursos e chegar a 5220 persoas que se especializarán en eidos como a soldadura, a fabricación e montaxe, a robótica, a xestión de produción ou a inspección, entre outras materias, e prestando especial atención á formación en novas tecnoloxías e Industria 4.0.

O obxectivo é seguir dando resposta ás necesidades formativas do sector e contribuír a que o tecido empresarial conte cun capital humano máis cualificado, o que lle permitirá ser máis competitivo. De feito, a Xunta dispón de tres plans de formación específicos para sectores considerados estratéxicos: é o caso do naval, xunto co da automoción e o forestal.

Os cursos destinaranse tanto a persoas desempregadas, a través do programa de unidades formativas nas empresas ou da formación ofrecida en entidades homologadas e centros propios da Xunta; como a persoas ocupadas, a través de cursos que identifique o propio sector e que se impartirán tanto nas propias empresas como en entidades de formación co obxectivo de mellorar as capacidades dos traballadores do naval.

A Xunta dedicará, ademais, un millón de euros a equipamento para mellorar a formación a través do investimento tanto na modernización dos talleres como dos centros formativos do Goberno autonómico.

Aos 18 M€ destinados a cursos de formación e á mellora dos centros, a Xunta quere sumar agora unha nova iniciativa. En concreto, Galicia avanza na súa solicitude de axuda á Unión Europea para a posta en marcha de Empreganav II, un programa que pretende crear recursos para o fomento da inserción laboral a través de actuacións de diagnose, sensibilización, orientación, formación, apoio á recolocación con seguimento personalizado e incentivos. Prevese un investimento de 3 M€ dos que a Xunta achegaría 1,2 M€ (o 40%), mentres que o resto procedería do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización.

Balance 2017-2019

Con todas estas iniciativas para o próximo trienio, o Goberno galego mantén o seu compromiso co sector e, en concreto, coa mellora da súa formación. Neste sentido, entre 2017 e 2019, o plan de formación no naval permitiu chegar a 5083 profesionais –entre desempregados e ocupados– a través dun total de 416 cursos aos que se dedicaron 17,36 M€.

A Xunta tamén apoia o naval a través de liñas que favorecen o financiamento e a internacionalización das empresas –como a liña de préstamos para contribuír á mellora da situación financeira das auxiliares do naval galego con 17 préstamos xa concedidos por máis de 9,5 M€–, así como con axudas económicas en Industria 4.0 para impulsar a innovación grazas a programas como as unidades mixtas de investigación (UMIs) –destacan os 7 M€ que se invisten nas UMIs de Navantia: Estaleiro 4.0 e Nautilus–, Fábrica Intelixente coa iniciativa F4ST de Navantia que conta cun apoio de 2,5 M€ e un orzamento total de 9,9 M€, Conecta Peme, Innterconecta, Profesionais 4.0 ou o traballo coordinado cos clústers e centros tecnolóxicos.

O sector naval galego está atravesando unha etapa de liderado e de recuperación que se reflicte, tamén, no emprego. Nos últimos 5 anos as afiliacións medraron nun 13 %, chegando a preto de 40.000 cotizantes á Seguridade Social. Trátase da cifra máis alta rexistrada desde 2010. Coa posta en marcha dos novos programas, o Goberno galego aspira a conseguir a consolidación da posición de referencia e calidade do sector naval da Comunidade.

A pesar de ter que superar o *tax lease* e a falta de carga de traballo que existe agora mesmo para os próximos dous anos na ría de Ferrol, Galicia segue a ser un referente. Ocupa o segundo lugar de Europa cunha maior carteira de pedidos. Os últimos datos así o corroboran: Galicia mantén o liderado da construción naval en España con 24 buques en carteira por un valor conxunto de 1200 M€.

A XUNTA RECUPERARÁ E PORÁ EN VALOR UNHA MEDIA ANUAL DE 10.000 HECTÁREAS AGRARIAS A TRAVÉS DE DISTINTOS MECANISMOS DE MOBILIZACIÓN A PARTIR DO ANO QUE VÉN

- ***O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre as actuacións xa realizadas e as previstas en materia de recuperación e posta en valor de terras agrarias en abandono***
- ***O Goberno galego mobilizará este ano máis de 5.000 hectáreas con figuras como as aldeas modelo e os proxectos piloto de polígonos agroforestais, unha superficie que se incrementará co transcurso do ano***
- ***A Xunta investirá 4,5 millóns de euros nestas iniciativas, que dinamizarán o agro e previrán incendios***

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre as actuacións xa realizadas en materia de recuperación e posta en valor de terras agrarias en abandono, así como os proxectos que se realizarán a curto-medio prazo para mobilizar estes predios e dinamizar o agro galego. Así, a Xunta estima que se poderán recuperar cada ano unhas 10.000 hectáreas entre as actuacións a executar nas aldeas modelo e os proxectos piloto de polígonos agroforestais.

Neste senso, cabe recordar que a Consellería está a traballar na futura Lei de recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia, que permitirá a aplicación inmediata de novos instrumentos voluntarios de mobilización de posta en valor que permitan unha maior participación dos interesados en traballar as terras como son as aldeas modelo, os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra e as permutas de especial interese agrario.

Por tanto, co fin de traballar na recuperación da terra e na prevención de incendios, desde o ano 2018 e ao longo do ano 2019 establecéronse novos modelos de actuación con base en proxectos piloto en diferentes sectores produtivos e de diferentes dimensións. Así, na provincia de Lugo procedeuse á recuperación de 80 hectáreas de soutos tradicionais na Serra do Courel, como traballo previo ao futuro Plan de recuperación dos soutos tradicionais de Galicia, en que está a traballar a Xunta. Tamén se recuperaron 25 hectáreas de terras abandonadas para prados en Sober, con destino á produción gandeira de vacún en extensivo e outras 20 hectáreas de montes veciñais en man común de pasteiros de montaña nos Ancares para produción de cabrún en extensivo. Xa na provincia de Ourense, procedeuse á recuperación en Cualedro de 185 hectáreas de diversas zonas de concentración parcelaria afectadas por incendios para a produción gandeira de vacún e ovino en extensivo.

Seguidamente, e no marco do convenio de protección das aldeas asinado entre a Xunta, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e Seaga, procedeuse á posta en marcha de aldeas modelo para mobilizar as antigas terras de labor en pequenos núcleos de poboación en risco de incendios. Deste xeito, a recuperación de terras permitiría non só

protexer os núcleos habitados de posibles lumes forestais, senón que tamén achegarán unha actividade económica derivada do sector agropecuario na zona que redundaría na dinamización do rural.

A data de hoxe existen case 50 peticións de aldeas modelo. Delas, atópanse en trámite máis de 20, que suporán a posta en valor de máis de 620 hectáreas, repartidas en case 13.000 parcelas duns 3200 propietarios.

Na actualidade, a consellería está a traballar en seis aldeas modelo dos concellos do Incio, Boborás, Carballeda de Avia, Cenlle, O Irixe e Monterrei, con vistas a seguir incrementando estes datos ao longo do ano 2020 e chegar a mobilizar máis de 1000 hectáreas. Precisamente, para impulsar estas figuras, a consellería destina no presente exercicio un total de 4,5 millóns de euros, máis do dobre que o destinado no pasado ano 2019.

A todas estas actuacións e proxectos, hai que sumarlle a figura dos polígonos agroforestais, que tras a aprobación da futura Lei de recuperación terán máis cabida no rural galego. Con este modelo voluntario preténdese recuperar extensións grandes de terreo abandonado e impulsar neles actividade agrogandeira ou forestal. Nesta liña, cabe mencionar que a día de hoxe a consellería está traballando na posta en marcha de cinco polígonos piloto, situados nos concellos de Curtis, Cualedro, O Carballiño, Oímbra e en terreos das denominacións vitícolas galegas. Fálase, polo tanto, de actuar nunha superficie de máis de 4000 hectáreas ao longo do ano 2020.



A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 9,5 M€ NO PLAN DE PASTOREO DE GALICIA, QUE SUPORÁ A POSTA EN VALOR DE ATA 2.250 HECTÁREAS DE PASTOS

- ***A iniciativa busca recuperar os recursos naturais para anticiparse aos lumes forestais e para garantir a rendibilidade das explotacións agrogandeiras***
- ***A Consellería de Medio Rural prevé comezar a executar entre maio e xuño deste ano os primeiros pasteiros, en zonas de montaña, de valor ambiental ou con alto risco de incendios***

A Xunta investirá máis de 9,5 millóns de euros no Plan de pastoreo de Galicia, que suporá a reordenación e posta en valor de ata 2.250 hectáreas de pastos en toda a comunidade. O obxectivo é promover un mellor aproveitamento dos recursos naturais para traballar na anticipación aos incendios forestais e garantir a rendibilidade das explotacións, ao facilitarlles máis base territorial e proporcionarlles novas ferramentas para xerar oportunidades de riqueza no rural.

Na actualidade, a Consellería do Medio Rural ten avaliadas máis de 60 solicitudes de pasteiros e entre maio e xuño deste ano ten previsto comezar a executar os 14 primeiros, ao contar xa con todos os permisos sectoriais preceptivos. Trátase de montes en zonas de alto risco de incendios, situados en alta montaña, localizados en espazos da Rede Natura 2000 ou con gran valor forestal, ambiental e social. Abranguen unha superficie total que supera as 560 hectáreas e o orzamento inicial para as actuacións é de case dous millóns de euros.

Nesta primeira fase, proxéctanse pastos nos concellos ourensáns de Beariz, Ramirás, Sarreaus, Cualedro, Montederramo e Paderne de Allariz; nos lucenses de Navia de Suarna, Samos, Sarria e Láncara; nos pontevedreses de Covelo, A Lama e Cerdedo-Cotobade e no municipio coruñés de Porto do Son. En todos os casos, ademais de anticiparse aos lumes e de apostar por un aproveitamento sustentable dos recursos, contribuirase a conservar hábitats de interese comunitario como turbeiras, queirogais ou bosques aluviais.

Nunha segunda fase, a Consellería do Medio Rural xa ten proxectados 12 pasteiros, cun orzamento inicial de 1,56 millóns de euros para actuar en máis de 335 hectáreas. Na provincia de Ourense, haberá pastos en Allariz, Xunqueira de Espadañedo, Laza, Maceda e dous no municipio de Lobeira; na da Coruña, en Mañón e A Pobra do Caramiñal, e na de Pontevedra, en Cerdedo-Cotobade, Covelo e Tomiño.

O Plan de pastoreo de Galicia recolle ata catro fases de execución, nas cales se atenderán todas as solicitudes presentadas polos concellos. En todas elas se realizarán actuacións concretas como rozas, sementeiras, pistas, peches, pasos canadenses, mangas de manexo de gando, comedeiros ou bebedeiros. Así, por unha banda, os titulares das explotacións veranse beneficiados co acondicionamento das parcelas e cunha mellora dos accesos aos seus terreos, ao tempo que amplían a base territorial das súas explotacións. Por outra, cumpriranse todas as determinacións en materia de benestar, seguridade e saúde animal.

O Plan de pastoreo de Galicia enmárcase nas políticas do Goberno galego que traballan para fixar poboación no rural, neste caso, grazas ao mantemento dunha actividade multifuncional do monte. A combinación de actividades forestais e gandeiras tamén consegue convivir coa conservación dos hábitats. Deste xeito, as zonas onde se proxectan a meirande parte dos pasteiros caracterízanse por unhas ganderías de produción de carne de maneira sustentable e con razas autóctonas.

A XUNTA MELLORARÁ A ATENCIÓN AOS AGRICULTORES, GANDEIROS E SILVICULTORES CUN PLAN DE MODERNIZACIÓN E POSTA EN VALOR DA REDE DE OFICINAS AGRARIAS COMARCAIS E DE DISTRITOS FORESTAIS

- ***Dentro desta planificación tamén se porá en marcha un novidoso servizo de unidade móbil, para achegar a Administración aos habitantes das zonas máis afastadas dos grandes núcleos de poboación e chegar onde non hai oficinas fixas***
- ***Esta iniciativa, que hoxe avaliou o Consello do Goberno galego, permitirá optimizar o servizo que se presta á poboación que reside e traballa no agro***

A Xunta deseñou un plan de modernización e potenciación da rede de oficinas no ámbito do medio rural, co fin de mellorar o servizo que se presta á poboación que reside e traballa no agro. Esta iniciativa, que hoxe foi avaliada polo Consello do Goberno galego, permitirá levar a cabo medidas de modernización que melloren a actividade dos profesionais das Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) e dos distritos forestais, así como tamén a dos cidadáns que se asesoran nestas dependencias.

Na actualidade a rede de OAC da Xunta conta con 68 sedes repartidas por toda Galicia, ás cales cómpre engadir outras 19 sedes doutros tantos distritos forestais. Estas infraestruturas atenden preto de 130.000 titulares de explotacións de autoconsumo e case 30.000 explotacións profesionais.

Neste senso, por parte da Consellería do Medio Rural realizouse un estudo que serviu para definir a situación actual e os ámbitos de modernización das oficinas agrarias comarcais e oficinas de distrito forestal. Do mesmo xeito, revisáronse de maneira pormenorizada cada unha das instalacións das oficinas agrarias comarcais existentes, tendo en conta cuestións coma as condicións de conservación, instalacións e eficiencia enerxética. Analizando os posibles escenarios, deseñouse un plan dinámico de modernización e potenciación da rede de oficinas no ámbito do medio rural.

A planificación centrase en dous eixos estratéxicos. Por un lado, a mellora das infraestruturas e, por outra banda, a modernización e mellora dos servizos prestados polas oficinas, de xeito que a Administración autonómica ofrezca un servizo público próximo, dinámico e técnico ao sector. En relación con este último aspecto, vaise incidir en eidos como as novas tecnoloxías, o equipamento do persoal, a formación ou a mellora do parque móbil.

Oficina móbil

Dentro desta iniciativa, a Xunta tamén porá en marcha no primeiro cuadrimestre deste ano un novidoso servizo de unidade móbil que funcionará como as oficinas agrarias rurais, co fin de achegar a Administración aos habitantes das zonas máis afastadas dos grandes núcleos de poboación e chegar a aquelas áreas en que na actualidade non existen oficinas agrarias comarcais.

O novo sistema comezará a funcionar cun vehículo dotado de prestacións semellantes ás dunha OAC, que se desprazará a esas áreas máis illadas para atender aos agricultores, gandeiros e silvicultores. A creación deste servizo innovador de proximidade permitirá que practicamente a totalidade das explotacións agropecuarias de Galicia dispoñan a menos de 15 minutos dun punto en que se poidan realizar as xestións máis comúns inherentes á súa actividade.

A día de hoxe a maioría das explotacións galegas están a menos de 30 minutos de distancia da súa oficina máis próxima, pero existen zonas do territorio en que os tempos de desprazamento superan esa media hora e poden chegar ata os 60 minutos. Polo tanto, ese tempo de desprazamento verase reducido nun 75 %.

A posta en marcha deste servizo responde á dispersión xeográfica que caracteriza o tecido agrogandeiro rural en determinadas zonas da comunidade. Este servizo incidirá nunha mellora da calidade de vida dos habitantes do rural, especialmente das zonas máis afastadas dos grandes núcleos. Así, achéganselles aos traballadores agrarios todos os trámites que realizan nas súas oficinas agrarias comarcais, facilitándolles as condicións de vida, minorando os gastos de desprazamento, co obxecto de que saquen o maior rendemento económico da súa actividade.

A XUNTA INSTA AO GOBERNO CENTRAL A MODIFICAR A LEXISLACIÓN NACIONAL SOBRE PREZOS PARA EVITAR A VENDA A PERDAS NO AGRO

- ***O Consello analizou un informe sobre esta cuestión en que tamén lle propón ao Goberno estatal que elabore unha lei de incentivos fiscais que beneficie os gandeiros, agricultores e silvicultores***
- ***A Xunta agarda tamén do Goberno central que continúe facendo forza para que se manteñan os fondos da PAC e avoga por orientar outras achegas europeas cara ao agro, tendo en conta o compromiso ambiental dos axentes do sector***

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre a situación dos prezos dos produtos agroalimentarios e as propostas que fai a Xunta para melloralos. No documento instase o Goberno central a modificar a lexislación nacional sobre prezos para evitar a venda a perdas no agro, así como á elaboración dunha lei de incentivos fiscais para os sectores agroalimentario e forestal. O que se precisa, segundo o Executivo galego, é acadar unha garantía de prezos xustos que faciliten a rendibilidade das explotacións.

Esta demanda foille trasladada onte mesmo ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación polo conselleiro do Medio Rural, José González, nunha xuntanza coas comunidades autónomas convocada polo ministro para avaliar a situación dos prezos no sector e na cal se abordou tamén a situación da futura política agraria común. Deste xeito, Galicia toma a dianteira nesta materia e na defensa dunhas rendas dignas para o sector, pola vía da mellora tanto dos prezos como da tributación.

Sobre os prezos dos produtos agrarios, a Xunta lembra que a lexislación comunitaria e española sobre competencia impide fixar uns mínimos para os produtos agrícolas, pero si permite actuar para que a cadea de valor constrúa os prezos a partir do custo de produción dos agricultores e gandeiros, evitando así as vendas a perdas. Nesta liña, o Executivo galego xa vén traballando nas estratexias sectoriais para fixar os custos de produción por rango de explotacións, pero estas modificacións legislativas tenas que abordar o Goberno do Estado.

Neste sentido, o informe analizado sostén que a entrada en vigor dunha norma específica en Francia e as posibilidades que ofrece a transposición da normativa europea permiten acometer a modificación da lexislación estatal, en concreto, as leis de competencia desleal, de defensa da competencia e de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria. Por iso, a Xunta require a Madrid celeridade nesta cuestión.

Fiscalidade

Canto á fiscalidade, a Xunta considera que se debe elaborar unha lei estatal de incentivos fiscais que beneficie os gandeiros, agricultores e silvicultores. O Goberno galego valora como necesario introducir na normativa nacional -ao igual que xa fixo a Administración

autonómica en Galicia- medidas encamiñadas a mellorar a fiscalidade para a actividade agrogandeira e forestal, co fin de que esas melloras repercutan nas rendas.

A Xunta xa ten lexislado nesta materia, dentro das súas competencias, poñendo en marcha o programa de impostos cero no rural, así como a través de diferentes vantaxes na tributación, como bonificacións para o fomento da compra de vivenda en zonas pouco poboadas, do alugueiro de inmobles de carácter rústico ou do asociacionismo no sector agrogandeiro e forestal.

Ademais, a Xunta lembra que ten impulsado a creación, no seo dos órganos de representación dos agricultores, gandeiros e silvicultores, de grupos de traballo para analizar as problemáticas fiscais que soportan e facer propostas normativas para mellorar a súa situación.

Así, xa está constituído o grupo sobre tributación do Consello Agrario, que avaliou o ditame sobre a fiscalidade das axudas de incorporación á actividade agraria de mozos que se lle entregou ao ministro de Agricultura no Consello Consultivo do pasado día 22 de xaneiro. Proximamente constituirase o propio no seo do Consello Forestal de Galicia.

Política agrícola comunitaria

Na xuntanza co ministro mantida polo conselleiro onte en Madrid abordouse tamén a situación da futura PAC. En relación con este asunto, a Xunta agarda tamén do Goberno central que continúe facendo forza para que se manteñan os fondos da política agrícola comunitaria e avoga porque outras achegas europeas se orienten cara ao agro, tendo en conta o compromiso ambiental dos agricultores, os gandeiros e os silvicultores.

Neste sentido, o Executivo galego pon en valor o feito de que os axentes do sector agrario sexan os máis preocupados por esta cuestión e, polo tanto, considera tamén que deben ser eles os principais protagonistas na procura da sustentabilidade ambiental, sen esquecer a necesaria rendibilidade social e económica da súa actividade.

GALICIA CALIDADE REFORZARÁ A COMPETITIVIDADE DO SECTOR AGROALIMENTARIO GALEGO

- ***Así o decidiu a Xunta no Consello do Goberno galego de carácter monográfico sobre o rural que se celebrou hoxe no Pazo de Quián, en Sergude (Boqueixón)***
- ***Este selo englobará, identificará e potenciará os produtos galegos con denominación de orixe, indicación xeográfica protexida ou que cumpran requisitos de excelencia en produción ou transformación, como poden ser os produtos de razas autóctonas ou o leite amparado co selo Galega 100 %***
- ***O plan de acción inclúe un calendario de actuacións de promoción e divulgación que progresarán desde o ámbito galego ata o nacional e internacional***

A industria agroalimentaria galega reforzará a súa presenza na marca Galicia Calidade co obxectivo de que a súa produción gañe en competitividade nos mercados. Así o decidiu a Xunta no Consello do Goberno galego de carácter monográfico sobre o rural que se celebrou hoxe no Pazo de Quián, en Sergude (Boqueixón).

Así, este será un selo que englobará, identificará e potenciará os produtos galegos con denominación de orixe, indicación xeográfica protexida ou que cumpran requisitos de excelencia en produción ou transformación. Galicia Calidade amparará tamén os produtos derivados das razas gandeiras autóctonas galegas, dándolles así un valor engadido a estas producións, así como o selo Galega 100 %, que recoñece e distingue o leite de calidade diferenciada producido nas explotacións leiteiras da nosa comunidade.

O impulso a Galicia Calidade como identidade da excelencia no rural galego farase con base en dous piares, o financiamento e a estratexia. O primeiro deles pivotará sobre a promoción, o posicionamento e a axuda a todos os produtores, produtos e transformadores da nosa produción agroalimentaria. O segundo, a estratexia, centrarase en optimizar recursos, para unificar a acción de todos os actores implicados e para levar a marca ao primeiro nivel mundial de calidade. A gran aposta de Galicia Calidade faise polo valor engadido, xa que non se busca cantidade a calquera baixo prezo, senón produción con calidade diferenciada.

Plan estratéxico

O obxectivo para este ano 2020 é dar a coñecer este novo impulso, mediante un plan de acción estratéxico dirixido a prescriptores nacionais e internacionais, cun calendario que se estrutura en tres chanzos -galego, nacional e internacional-. Así, en marzo presentarase o plan de acción nun acto no que estarán todos os representantes do sector agroalimentario de Galicia e que terá lugar en Sergude (Boqueixón), no Pazo de Quián, un espazo que se converterá no futuro “Espello do rural galego”, cun investimento global de 10 millóns de euros.

En abril e maio darase o salto a nivel nacional, divulgando o plan de acción “Camiño ao valor engadido”, vinculado ao selo Galicia Calidade, en diferentes puntos de toda España. Así, haberá participación galega en diferentes feiras de prestixio no sector, como son Alimentaria

en Barcelona e Gourmets en Madrid e organizaranse tamén dous eventos de promoción específicos en Valencia e Málaga.

Por último, en xuño celebrarase en Galicia o “I Congreso Internacional de Galicia Calidade”, estruturado en tres xornadas. Nas dúas primeiras un grupo de prescriptores visitarán empresas galegas representativas do rural, combinando as visitas con experiencias gastronómicas con restauradores de prestixio e algunha tradicional, como pode ser unha feira galega. A terceira xornada será un evento nun lugar paradigmático no que se presentarán a todos os prescriptores os produtos baixo a marca paraugas, combinando a cata cunha serie de conferencias técnicas. Entre elas, salienta unha conferencia sobre Dieta Atlántica, que será a punta de lanza para transmitir e poñer en valor o carácter saudable da nosa produción.

Galicia Calidade vai ser, ademais, unha aposta transversal e de implicación máxima da Xunta que se enmarca na Galicia Verde, a Galicia Innovadora (formación e investigación), a Galicia Moza e a Galicia Familiar.

A LONXA DE CAMARIÑAS SERÁ REPARADA PARA QUE O SECTOR VEXA MINIMIZADOS OS EFECTOS DOS DANOS CAUSADOS POLOS ÚLTIMOS TEMPORAIS

- ***Portos de Galicia investirá máis de 110.000 euros na reparación da cuberta deste inmoble, que foi danada pola borrasca 'Elsa' o pasado 18 de decembro***
- ***As actuacións pretenden devolver as instalacións á normalidade o antes posible para evitar prexuízos aos usuarios e garantir a súa seguridade***
- ***A Consellería do Mar avanza ao mesmo tempo no proxecto de acondicionamento e mellora do inmoble, que xa estaba en tramitación antes de que se rexistrase o temporal***

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, está a actuar na lonxa de Camariñas para reparar os danos causados pola borrasca *Elsa* o pasado 18 de decembro de 2019 e minimizar así os efectos no sector pesqueiro local dos danos causados polos temporais. Así o reflicte o informe mediante o que a Consellería do Mar deu conta hoxe ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra, que conta cun orzamento de máis de 110.000 euros e permitirá devolver as instalacións portuarias á normalidade o antes posible. Deste xeito, evítanse prexuízos para os usuarios do peirao e garántese a súa seguridade.

Os fortes ventos rexistrados durante a borrasca *Elsa* provocaron o desprendemento de parte do teito da lonxa e da confraría de pescadores, o que derivou en goteiras no interior do inmoble e que se restrinxise a circulación no porto ante o risco para a seguridade das persoas. Unha vez realizados os primeiros traballos de urxencia, Portos de Galicia procedeu a tramitar o contrato da obra pola vía de emerxencia.

Os traballos contan cun prazo de execución de dous meses, sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan, e teñen como obxecto a reparación da totalidade da cuberta e dos elementos de subxección que sexa preciso. Ademais, incluíranse os elementos de illamento da cuberta así como a reparación dos danos causados no interior pola entrada de auga e que afectan o normal funcionamento da instalación.

De feito, na actualidade a empresa adxudicataria xa está a realizar os traballos de revisión e desmontaxe dos distintos elementos da cuberta para poder traballar en condicións de seguridade. Na seguinte fase procederá á reparación, preparación, saneamento e protección dos elementos de sustentación da cuberta.

Unha vez completadas estas dúas fases, os traballos centraranse na instalación do material do teito co correspondente illamento e protección do ambiente salino, un labor que dará paso ás reparacións no interior do inmoble para facer fronte aos danos causados pola entrada de auga nas instalacións. O obxectivo é devolver o antes posible as instalacións portuarias á normalidade para evitar prexuízos aos usuarios do peirao e garantir a súa seguridade.

A borrasca rexistrada a mediados de decembro empeorou o estado da lonxa de Camariñas, un inmovible para o que a Consellería do Mar xa estaba a tramitar un proxecto de acondicionamento e mellora con preto de 300.000 euros de orzamento. De feito, o Executivo galego continuará coa tramitación do proxecto de acondicionamento e mellora integral da lonxa ao tempo que executa as obras de emerxencia.

Cómpre lembrar que os técnicos de Portos de Galicia traballaron nas medidas de emerxencia desde o primeiro momento. De feito, o día do temporal *Elsa* a presidenta de Portos de Galicia, Susana Lenguas, visitou a zona para comprobar os danos causados polo temporal nas instalacións portuarias e estudar as actuacións a realizar para normalizar a situación o antes posible. Na visita acompañouna o patrón maior da confraría de pescadores de Camariñas.